



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A PRODUTORA VOZ AUDIOVISUAL, S.A.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Ordenación e Producción Forestal da Consellería do Medio Rural,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal ten previsto formalizar coa
produtora Voz Audiovisual, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período
de vixencia que abrangue dende o 7 de xullo de 2016 ata o 20 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as liñas de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a produtora Voz
Audiovisual, S.A.U. para sensibilizar e concienciar á cidadanía das accións que provocan os
incendios forestais e as súas consecuencias, así como a protección do monte.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución
do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar, se fundamenta nos seguintes
puntos:

Que a Consellería do Medio Rural considera accións necesarias para acadar obxectivos de
política forestal a divulgación de coñecementos e de técnicas de xestión forestal sostible e a
actualización técnica dos propietarios de montes e comunidades de montes veciñais de
Galicia.





Que a produtora Voz Audiovisual, S.A.U. produce unha serie de emisión semanal en horario de prime-time nocturno, para a Televisión de Galicia (TVG) que leva por título “Serramoura”. A produtora, trala entrega pola Consellería do Medio Rural da documentación precisa, comprométese á integración de material informativo preventivo nos decolrados da mesma, así coma, no seu caso, mediante o uso de imaxes e/ou elementos reais propios do traballo dos operativos de prevención de incendios forestais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 10 de xullo de 2016

